

EXPEDIENTE:	2023/00030344B
PROCEDEMENTO:	Apertura de prazos de Educación

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 17 de xullo de 2023 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación dos prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2023-2024.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

1. O Concello de Santiago de Compostela decidiu hai unha década impulsar a xestión dos comedores escolares dos centros de educación infantil e primaria existentes no seu termo municipal, asumindo a organización e o financiamento dos mesmos. Co obxectivo de garantir a continuidade do servizo de comedores, o 16 de xullo de 2012 o Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinan o seu primeiro Convenio de colaboración para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos para o curso 2012-2013. E sucesivamente foron asinándose novos convenios de colaboración para a xestión dos mesmos.
2. Na actualidade a prestación de dito servizo ten a súa orixe nun Convenio de colaboración asinado con data do 26/07/2021 polo Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos do Concello para un total de 1.087 persoas usuarias do servizo, como máximo.

Así a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Santiago de Compostela, conscientes da importancia que para moitas familias do Concello supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, de acordo co previsto no artigo 2.1 d) do citado Decreto 132/2013, do 1 de agosto, consideraron axeitado a sinatura dun convenio de colaboración para os cursos escolares 2021/2022 e 2022/2023.

Na cláusula Segunda de dito convenio o Concello comprométese a:

1. *O concello prestará o servizo de comedor escolar nos centros docentes enumerados na cláusula primeira deste convenio durante os cursos 2021/2022 e 2022/2023.*

2. *O concello asume o financiamento do custo dos comedores escolares dos centros anteriormente citados, contratando a prestación do servizo de comedor escolar para cada centro educativo, de conformidade cos procedementos e formalidades esixidos pola normativa vixente en materia de contratación pública,*

así como o control posterior da súa execución, sendo de cargo dos usuarios do citado servizo, de así determinalo o concello, o financiamento dos custos en todo o que exceda da achega económica da consellería, sen que, en ningún caso, a asunción destas obrigas afecte ao cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria.

3. Así mesmo, o concello comprométese a: a) Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública

Na cláusula Terceira de dito convenio a Consellería comprométese a:

...a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar nos centros educativos CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP Roxos – Villestro, CEIP Monte dos Postes, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, CEIP Fontiñas, CEIP Vite I e CEIP Raiña Fabiola, mediante unha achega con cargo a aplicación orzamentaria 10.10.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e económica de 193.486,00 €, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2021: 31.523,00 €

Ano 2022: 96.743,00 €

Ano 2023: 65.220,00 €

Neste momento está en trámite unha Addenda ao convenio antes citado, na que se manteñen os compromisos xa referenciadas para as dúas partes asinantes de cara ao curso escolar 2023/2024.

A concesión desta subvención por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade obedece a razóns de interese público ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

3. Que o Concello de Santiago de Compostela está a prestar á cidadanía deste municipio o servizo de madrugadores e de comedor na rede de CEIPS dependentes do Concello de Santiago de Compostela. Para a xestión deste servizo o Concello de Santiago optou pola xestión indirecta, e a tal efecto a Xunta de Goberno Local con data 30-11-2022 acordou a adxudicación do servizo á empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L. (CIF NÚM. B27831783).

Con data 28-12-2022 asínase o *contrato administrativo para a prestación do servizo de madrugadores e de comedor na rede de CEIPS dependentes do Concello de Santiago de Compostela 2022-24* e con data 31-01-2023 asínase a acta de inicio do servizo.

Na cláusula Nove do Prego Técnico que rexe o citado contrato, recolle:

9. XESTIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO

9.1 A empresa adxudicataria realizará todos os labores administrativos dos procesos de preinscrición e matriculación das persoas usuarias do servizo: introdución dos datos das persoas usuarias na base de datos, realización de chamadas telefónicas, envío de correspondencia e correos electrónicos (...).

9.2 A empresa porá disposición do contrato, dende o primeiro momento, un sistema informático para a xestión e atención do servizo e das persoas usuarias (...)

4. Con data do 23 de decembro de 2019, a Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade, aprobou o prezo autorizado polo Concello de Santiago de Compostela dos servizos de comedor e madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago para o ano 2020.
5. Con data do 6 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno Local, aprobou o Procedemento de Admisión, Matrícula e Exención de Prezos Públicos para os nenos e nenas refuxiados ucráinos nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2021-2022.

CONSIDERACIÓNS

- A. Os comedores escolares están considerados na norma autonómica que os regula (Decreto 132/2013, do 1 de agosto) como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

A implantación do comedor escolar obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificultaba o acceso dos escolares ao ensino, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. No momento actual, o comedor escolar está acadando novas virtualidades, derivadas da súa condición de medio básico na conciliación da vida laboral e familiar.

- B. Concorren razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade”.

Este programa de comedor escolar, ten, entre as súas finalidades, as de facilitar a integración sociolaboral das nais, pais ou titores, fomentar a dinámica relacional

dos/as menores co seu grupo de iguais, favorecer a súa participación e inclusión social, apoiando ás unidades familiares que teñan serias dificultades para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, contribuíndo á vez a fomentar a adquisición de hábitos nutricionais e hixiénicos saudables polo alumnado.

C. Co servizo de comedores preténdese dar cumprimento á obriga que teñen os municipios de promover toda clase de actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da veciñanza, así como a execución de programas e proxectos destinados á atención á familia, de acordo ao establecido no artigo 8.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Os municipios, sen prexuízo do disposto na lexislación de réxime local e de servizos sociais, deben exercer as súas competencias en materia de protección ás e aos menores a través das seguintes actuacións:

- a) A detección das necesidades de carácter sanitario, educativo, económico, sociolaboral, familiar ou outras análogas que afecten aos nenos, ás nenas e adolescentes que residan no seu territorio.
- b) A prevención, apreciación e intervención nas situacións de risco en que se poidan atopar as e os menores, consonte o disposto no artigo 17 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor.

Igualmente, dáse cumprimento ao establecido no artigo 9 da mencionada Lei 3/2011, atendendo ás circunstancias dos grupos de familias de especial consideración:

- Familias numerosas.
- Familias monomarentais ou monoparentais.
- As familias con persoas con discapacidade ao cargo.
- As familias acolledoras.

D. A Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil, no seu artigo 17, e a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu artigo 41.2, fan constar a obriga que teñen os concellos de intervir nas situacións de risco social na que poden estar a vivir as persoas menores de idade, precisando dispor de recursos para concretar a correspondente intervención e garantir a cobertura das necesidades básicas. Igualmente, e tendo presente o recollido na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección infancia e á adolescencia, a precariedade económica na que poden estar a vivir as súas familias ou unidades de convivencia, lonxe de ser contemplada como unha situación de desamparo, debe ser considerada como de risco social e, en consecuencia, é de ámbito obrigatorio de intervención dos concellos. En base a estes textos lexislativos, o concello de Santiago de Compostela considera os comedores escolares como un servizo básico para poder dar cobertura a necesidades básicas das persoas menores de idade en situación de risco social, establecendo a maiores bolsas municipais para apoiar a estas familias na cobertura dos gastos que se poden derivar do uso do mencionado servizo.

Polo tanto, co servizo de comedor escolar, o concello de Santiago de Compostela da cumprimento a unha dobre finalidade: contribuír á atención das persoas menores de idade que se atopan nunha situación de vulnerabilidade social e tamén, apoiar ás súas familias, para conciliar a vida familiar e laboral, aspecto de capital importancia sobre todo nun contexto de crise socioeconómica, derivada da pandemia sanitaria mundial por covid-19, que segue a afectar á nosa comunidade de veciñas e de veciños.

- E. Para todo o anterior, e para dar cobertura as necesidades das familias residentes neste concello, o Concello de Santiago convocou para o curso escolar 2023/2024, bolsas para comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para o alumnado de Educación Infantil (segundo ciclo) e de Educación Primaria de centros docentes públicos e concertados, sostidos con fondos públicos, do Concello de Santiago de Compostela (BOP, 23-02-2023, Nº 37), e o alumnado bolseiro pertence tamén ós centros educativos relacionados no Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Educación para a xestión do servizo de comedor escolar.

Dito servizo de comedores dará cobertura ademais a nenas e nenos en risco de exclusión social.

- F. Convenio de colaboración asinado con data 26/07/2021 polo Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos do Concello para un total 1.087 persoas usuarias do servizo, como máximo.

G. Orde de adxudicación das prazas

1. Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas no curso 2022-2023; o número de persoas usuarias que fixeron uso dos servizos e a previsión de usuarios recollidos no Convenio de Colaboración (1.087 persoas) e se fose necesario restrinxir o número de persoas usuarias que poden facer uso do comedor, sería preciso establecer a **seguinte orde de preferencia na asignación das prazas de madrugadores e de comedor escolar** entre aqueles solicitantes que presenten a solicitude nos prazos establecidos:

1º O alumnado bolseiro polo Departamento de Benestar social do Concello de Santiago de Compostela; os/as nenos/as refuxiados/as ucraínos/as (de acordo co procedemento de admisión, matrícula e exención de prezos para os nenos e nenas refuxiados ucraínos nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela aprobado pola Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 202) e os grupos de familias de especial consideración (Familias numerosas, familias monomarentais ou monoparentais; as familias con persoas con discapacidade ao cargo, familias en situación de violencia de xénero e as familias acolledoras).

2º Aquelas familias nas que ambos titores estean traballando ou en tránsito laboral no horario de comedor, ou un no caso de familias monoparentais/monomarentais.

Terán preferencia entre elas, as familias que soliciten os 5 días da semana e polo tanto, o mes completo. A continuación, a orde de asignación de prazas

será en función do número de días solicitados e dicir: 1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo.

Sempre e cando existan prazas dispoñibles nos servizos de comedor e madrugadores, **unha vez asignadas as prazas dos apartados 1 e 2, asignaríanse as prazas cos seguintes criterios:**

3º As solicitudes de usuarios fixos (5 días a semana, mes completo). A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días fixos solicitados e dicir: 1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo.

No caso de empate realizaríase un sorteo.

2. Todas as solicitudes entregadas nos prazos establecidos que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda ata que se produza unha vacante no servizo solicitado e irán entrando en orde segundo os criterios anteriores.
3. Para a asignación das citadas prazas, teranse en conta os servizos contratados. A empresa Alimentación Saludable Gallega, S.A. porá a disposición do servizo de madrugadores e comedores a APP ColeChef. Nesta plataforma de comunicación bidireccional poderase consultar a programación diaria de menús, a información nutricional e realizar as xestións de rexistro de altas e baixas nos servizos. Para utilizar o servizo de xantar e/ou almorzo será requisito imprescindible rexistrarse nesta APP.
4. Os datos facilitados polas familias, no caso de ser necesarios, serán comprobados coa listaxe de beneficiarios de Bolsas que resolva o Departamento de Benestar Social e coa acreditación documental, por parte das familias, de pertencer a grupos de familias de especial consideración ou da necesidade de conciliación laboral, ao coincidir os horarios de traballo co horario de comedor e madrugadores (ou no seu tránsito).
5. No caso de que as familias non fagan uso do servizo de madrugadores e de comedores sen causa xustificada por razón de forza maior e debidamente comunicada e acreditada, ou ben non faga uso do servizo en base á solicitude presentada durante dúas semanas continuadas, decaerá o seu dereito de reserva de praza no servizo de comedores e madrugadores, pasando ao último posto da lista de agarda e dando lugar ao cobro íntegro do servizo contratado.
6. Queda aberta a inscrición fora dos prazos establecidos, durante o resto do curso, unicamente co criterio de orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, sempre que haxa praza vacantes e, despois de que entrasen os usuarios que realizaron a matrícula nos prazos establecidos.

H. Lugar, prazo de presentación das solicitudes e documentación

1. Ábrese o prazo de solicitude de inscrición nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores no curso 2023-2024, tanto para a renovación de praza como para as novas persoas usuarias, dende o **18 de xullo ata o 28 de agosto de 2023 (ámbolos dous inclusive):**

- a. **Novos usuarios:** primeiro deberán entregar cuberto o correspondente impreso de solicitude de inscrición MODELO ED001 EDUCACION (dispoñible na sede electrónica do Concello) e rexistrarse posteriormente na APP *ColeChef*.
No momento da presentación das solicitudes nos prazos establecidos, non será necesario achegar ningunha documentación. O Departamento de Educación poderá requirir ás familias a presentación daqueles documentos que sexan necesarios para verificar o cumprimento dos criterios de admisión.
- b. **No caso dos usuarios/as que fixeran uso dos servizos no curso 2022-2023 e xa están rexistrados** na APP *ColeChef*, só terán que reactivar os servizos, na APP *ColeChef* para o curso 2023-2024.
- c. Admitiranse as solicitudes fóra dos prazos establecidos durante o curso 2023-2024 pero a admisión estará condicionada á existencia de prazos vacantes nos servizos de comedores e madrugadores no momento de presentar a solicitude. En todo caso, terán preferencia, as solicitudes recibidas nos prazos establecidos.

As solicitudes presentaranse segundo o MODELO ED001 EDUCACIÓN (dispoñibilidade na sede electrónica do Concello) ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite "Inscrición nos servizos de madrugadores e comedores" dentro do catálogo de trámites dispoñibles.

O impreso de solicitude poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela www.santiagodecompostela.gal.

I. Tratamento de datos como resultado do proceso de solicitudes e de admisión

Está previsto que a empresa adxudicataria do servizo realice todos os labores administrativos dos procesos de matriculación dos usuarios: introdución dos datos dos usuarios na base de datos, realización de chamadas telefónicas, envío de correspondencia e correos electrónicos e todos aqueles labores que sexan necesarios e se lle encomenden para a mellor planificación e desenvolvemento do servizo de xantares e madrugadores, baixo a supervisión do Departamento municipal de Educación e de acordo co establecido no Prego de Prescricións técnicas que rexen o contrato Administrativo para a Prestación do Servizo de Madrugadores e de Comedor na Rede de CEIPS dependentes do Concello de Santiago de Compostela 2022-24.

J. Réxime de prezos autorizados polo Concello de Santiago de Compostela

Para o curso 2023-2024 manteranse os mesmos prezos autorizados que foron aprobados na xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de decembro de 2019.

Para os nenos e nenas refuxiados ucráinos a súa exención de prezos nos servizos de comedor e de madrugadores, de acordo co aprobado pola Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2022.

K. Funcionamento do servizo de madrugadores e comedores

- a. Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2023-2024 dende o primeiro ata o último día que se estableza no calendario escolar correspondente dos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b. Tendo en conta que o servizo de comedor e madrugadores se rexe pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor, se houberse algún cambio a ese respecto que poidera afectar ou ser de aplicación a estes servizos municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para as persoas usuarias como para a empresa adxudicataria da xestión.
- c. No caso de non asistencia ao servizo de xantar e de almorzo, para o non aboamento do servizo, deberán comunicalo con data límite antes das 16.00 h. do día lectivo inmediato anterior, a través da APP Colechef.
- d. Para utilizar a modalidade puntual no servizo, será necesario activar o servizo na APP antes das 16:00 h do día anterior.
- e. A data límite para comunicar altas, baixas ou calquera outra modificación do uso do servizo para o mes seguinte comunicárase antes do día 25 de cada mes anterior.
- f. Non poderán facer uso de xantar e almorzo as persoas usuarias con recibos impagados de cursos anteriores.

L. Tendo en conta o recollido nos parágrafos anteriores e aos efectos de preparar a normalidade no curso que vén deste servizo educativo de carácter complementario que ademais de ser un factor importante para a escolarización e desenvolver unha función social e educativa- considérase necesario aprobar os prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2023-2024.

M. Para o procedemento administrativo séguense, con carácter xeral, os artigos 163 a 185 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como os artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar os prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2023-2024.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar os prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2023-2024.

MANUEL CÉSAR VILA
Data da sinatura: 18/07/2023
Secretario Xunta Goberno Local